

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2025 POLA QUE SE INCLÚEN OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA (PER)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Diego Calvo Pouso, nomeado conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e no uso das competencias establecidas no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Gaspar Pérez Carnero, presidente da Federación Galega de Xadrez, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración subscrito con data 20/01/25 de 2025 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025 e a estes efectos,

EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asinou, con data 20/01/25 de 2025 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Xadrez, por importe total de sesenta e un mil seiscientos corenta e nove euros (61.649,00 €) coa seguinte distribución por programa:



PROGRAMAS	IMPORTE
1.- Gastos xerais de funcionamento	13.707,00 €
2.- Tecnificación e rendemento:	0,00 €
a) Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)	0,00 €
b) Núcleos de adestramento deportivo especializado	0,00 €
c) Centros de Tecnificación	0,00 €
3.- Team España Future-Campionatos de España en idade escolar por seleccións autonómicas (TEF-CESA) convocados polo CSD	7.000,00 €
4.- Actividade deportiva ordinaria	40.942,00 €
5.- Los Ángeles 2028	0,00 €
6.- Actividade deportiva de promoción:	0,00 €
a) do deporte en idade escolar	0,00 €
b) do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	0,00 €
c) do deporte para deportistas con discapacidade	0,00 €
7.- Proxectos de especial relevancia (PER)	0,00 €
TOTAL	61.649,00 €

Nos convenios asinados con 57 federacións deportivas de Galicia cun contido común e máis no convenio asinado coa Federación Galega de Piragüismo dotouse parcialmente o programa "Proxectos de especial relevancia" cun importe global de 133.193,00 €, de conformidade cos proxectos inicialmente presentados polas federacións de carácter máis relevante, quedando pendentes de incluír o programa "Outros proxectos de especial relevancia", orientados ao fomento do deporte base, ao fomento da participación da muller, á inclusión de persoas con discapacidade e a promoción da tecnificación e alto rendemento dos deportistas galegos, condicionado á dispoñibilidade orzamentaria, e pendente da súa concreción no 2025.



Neste senso, con posterioridade á presentación do proxecto de orzamentos para o 2025, a aplicación financiadora das transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas foi incrementada en base á emenda nº 14602 do Grupo Parlamentario Popular ao estado de gastos do Proxecto da Lei de Orzamentos para o ano 2025, aceptándose un incremento de 500.000,00 € na aplicación 05.02.441A.481.0 "Transferencias correntes a entidades e federacións deportivas galegas".

De conformidade coa dispoñibilidade orzamentaria derivada do citado incremento, e unha vez concretados e definidos os calendarios de eventos deportivos das diferentes federacións e despois de informar a todas as federacións da posibilidade de subvencionar os proxectos de especial relevancia enfocados ao deporte feminino, fomento do deporte base, promoción do deporte inclusivo e axudas a deportistas con proxección, solicitaron a inclusión destes programas un total de 46 federacións deportivas.

Tras a análise dos proxectos de especial relevancia presentados polas federacións deportivas galegas, cómpre complementar nos Convenios con estas a dotación do programa "Outros proxectos de especial relevancia" para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, cun importe total de 497.870,00 €.

A Federación Galega de Xadrez remitiu a solicitude de inclusión no programa "Outros proxectos de especial relevancia", e solicita se teña en conta os seguintes evento/s dentro do programa subvencionable "Proxectos de Especial Relevancia" por estar orientados ao fomento do deporte base, ao fomento da participación da muller, á inclusión de persoas con discapacidade e a promoción da tecnificación e alto rendemento dos deportistas galegos, e tratarse de evento/s de interese deportivo:

- Concentración preparación Campionato España CESA 2025.
- Concentracións preparacións Campionato España SUB-08 a SUB-16 2025.
- Adestramento por Internet (Xaneiro - Xuño 2025).
- Campionatos de España SUB-08 a SUB-16 2025.



Con base no anterior as partes acordan a seguinte:

CLÁUSULA

Primeira.- Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando no Programa 7 os proxectos de especial relevancia que se indican a continuación:

PROGRAMAS	IMPORTES
7. Outros proxectos de especial relevancia:	
<u>EVENTO / PROXECTO</u>	
Concentración preparación Campionato España CESA 2025	750,00 €
Concentracións preparacións Campionato España SUB-08 a SUB-16 2025	1.700,00 €
Adestramento por Internet (Xaneiro - Xuño 2025)	1.550,00 €
Campionatos de España SUB-08 a SUB-16 2025	2.000,00 €
TOTAL	6.000,00 €

Polo tanto o importe total do convenio incrementase en seis mil euros (6.000,00 €), imputables á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0 (código de proxecto 2014 0066).

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Deportes

O presidente da Federación Galega de
Xadrez

Diego Calvo Pouso

Gaspar Pérez Carnero

